

Teimas Desenvolvemento S.L.

Rúa Sánchez Freire 76 2º F Santiago de Compostela
15706 (A Coruña)

Obxecto e ámbito de aplicación

A empresa Teimas (TEcnoloxías da Información MedioAmbientaiS) é unha empresa adicada ao desenvolvemento de software coma un servizo dispoñible (SaaS) na rede Internet e que aporta **solucións tecnolóxicas para o sector medioambiental** (xestión e transporte de residuos, vertedoiros, tramites telemáticos coa administración, etc.). O proxecto principal de Teimas é a plataforma de servizos en réxime SaaS (TEIXO, a partires de agora), para empresas implicadas no proceso de xeración e xestión de residuos, dispoñible no enderezo <http://teixo.es>.

A empresa ten contacto con moitas entidades e asociacións a nivel galego e nacional adicadas á recollida e xestión de residuos. Estes frecuentes contactos serven para descubrir necesidades do sector e contribúen ao desenvolvemento de novas funcionalidades e módulos para a plataforma TEIXO.

Para este proxecto, TEIMAS presenta a proposta dun xestor loxístico de rutas e almacenamentos en planta específico para xestores de residuos. O xestor loxístico dispórase como un módulo dentro da plataforma TEIXO e permitirá as seguintes funcionalidades:

- **Mestre de rutas:** agrupacións de clientes por residuos producidos e situacións xeográficas
- **Mapa visual e interactivo** dos centros “clientes” de recollida de residuos.
- **Filtros visuais:** que permitan seleccionar clientes por radio (en km) ou dar prioridade a aqueles clientes que leven máis tempo con residuos almacenados, etc.
- **Asistencia para a elaboración de rutas:** cálculos optimizados de distancias, elaboración de rutas periódicas (calendario) e elaboración de rutas concretas ou de emerxencia.
- **Cálculo de rutas:** tempos, quilómetros e custes de combustible. Optimización de rutas, contribuindo á diminución de custes.
- **Xeración da documentación normativa** asociada: de xeito automático, o sistema xenerará toda a documentación obrigatoria pola normativa.
- **Xestión loxística interna** adaptada aos procesos da xestión de residuos: rexistro de entradas e saídas, pesadas en planta, organización de almacén de residuos (ubicacións, contedores), rexistro de execución de procesos de reciclaxe, eliminación e valorización de residuos etc.
- **Impresión de códigos QR na documentación:** que permitan a lectura, nun único documento físico, doutros documentos asociados á operación de recollida de residuos e faciliten a realidade aumentada.
- **Substitución do papel:** usando para elo factura electrónica e mecanismos de sinatura dixital avanzada.

O obxectivo deste proxecto é dotar a os xestores e transportistas de residuos dunha ferramenta áxil e sinxela, adaptada á normativa ambiental en curso, que permita unha xestión eficiente dos seus residuos e unha optimización das rutas de recollida, favorecendo deste xeito unha redución de custes e unha mellor protección do medio ambiente.



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Modernización
e Innovación Tecnolóxica



UNIÓN EUROPEA

FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL
"Unha maneira de facer Europa"